



RECUPERACIÓN DO PREMIO DE PINTURA TERRAS DE IRIA

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación do xoves, 29 de novembro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante trece edicións celebrouse no Concello de Padrón o certame de pintura libre coñecido durante dez anos como “Premios de Pintura Comarca do Sar” para na décimo primeira edición pasar a denominarse “Premios de Pintura Terras de Iria”. Este certame era organizado conxuntamente polos Concellos de Padrón, Rois e Dodro.

O certame nas súas últimas edicións contaba cun prestixio no mundo artístico que atraeu a múltiples persoas participantes e de moi diversa orixe, incluído Latinoamérica e Europa. Este prestixio viña dado pola antigüidade do premio, a calidade das obras presentadas nas diferentes edicións así como a valoración do traballo dos e das artistas que se traducía en premios de elevada contía: un primeiro premio de 8.000€, un segundo de 3.000€ e un accésit de carácter comarcal de 1.000€.

A celebración deste certame que ademais da entrega de premios constaba dunha exposición durante varios días no Convento do Carmen, non só atraían a numerosas persoas artistas ao noso Concello senón a multitude de persoas interesadas en coñecer obras de calidade, como as presentadas.

Foi no ano 2010 cando temos noticia da celebración da décimo terceira e última edición dos “Premios de Pintura Terras de Iria”.

En Veciños de Padrón apostamos pola cultura en todas as súas vertentes e consideramos que un premio de pintura como este, merece ser recuperado. O Concello de Padrón outorga todos os anos tres importantes premios relacionados coa narrativa, a poesía e o teatro:

- Premio Literario Camilo José Cela de Narrativa
- Certame Poético Rosalía de Castro
- Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva

Nosa formación bota de menos este certame que premiaba as creacións dunha cuarta modalidade como son as artes plásticas e sen pechar a porta a outros premios relacionados coa cultura audiovisual, a música, a danza, a escultura,...

En Veciños de Padrón entendemos que as Administracións Públicas deben poñer en marcha iniciativas como estas que poñan en valor a actividade artística e cultural, así como os seus valores intrínsecos de esforzo persoal, dedicación, entrega, sacrificio e estudo.

Aínda que é certo que a produción artística en si satisfai á persoa creadora, e pode chegar a colmar as inquietudes intelectuais e sensoriais do seu autor ou autora, non pode ser escusa para que as Administracións Públicas explóteno no seu propio beneficio sen unha contrapartida xusta na contraprestación e na difusión da obra de arte, e por iso entendemos que este tipo de certámenes deben contar cuns premios adecuados que atraian obras de calidade e que mostren o apoio das administracións á cultura en xeral e á pintura, neste caso en particular.

Por todo o anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Que se proceda á recuperación do premio de pintura Terras de Iria polo Concello de Padrón.
- 2.- Que se valore a participación do Concello de Rois e Dodro na organización do mesmo como nas edicións anteriores.
- 3.- Que se valore a posibilidade de celebrar unha exposición retrospectiva coas obras premiadas en edicións anteriores.

En Padrón, a 19 de novembro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE
PADRÓN**